

Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE A O DÍA VINTE E DOUS DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

AUSENTES:

D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL

INTERVENTORA:

D^a. MARÍA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a. FÁTIMA MOAR RIVERA

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:00 do día 22 de xullo de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, ten lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 14-06-2016.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 14 de xuño de 2016.

2.- EXPTE. 1265/2016 .- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR .- GARCÍA SIERRA HERMELINA.



Concello de Viveiro

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Hermelina García Sierra, con DNI 33.681.534-N, e domicilio en Igrexa, nº 3, Covas, Viveiro.

Visto o informe da Traballadora Social no que se propón conceder a dita axuda ó solicitante, de acordo cos seguintes datos:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 80% < 150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Paso a lista de agarda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^a. Hermelina García Sierra o servizo de axuda no fogar solicitado, de acordo co previsto no informe da Traballadora Social, pasando á lista de agarda.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e de traslado á interesada.

3.- EXPTE. 1270/2016.- LICENZA URBANÍSTICA EXPTE AUPAC URB_355_2015 LAVANDEIRAS 17-A CELEIRO.- CANOURA RODRIGUEZ GUMERSINDO.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Gumersindo Canoura Rodríguez, con DNI 33.759.478-D, e domicilio a efectos de notificación en Rúa Lavandeiras nº 17-1, Celeiro, en Viveiro, para a instalación de ascensor en edificio sito na rúa Lavandeiras, nº 17 en Celeiro, de referencia catastral 3575913PJ1337N.

Coa solicitude achégase proxecto de execución asinado pola arquitecta, D^a Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG en data 23 de decembro de 2015 co número 1508248 e oficio de dirección facultativa a favor da citada arquitecta.

Visto que obra no expediente o preceptivo informe técnico de conformidade das actuacións solicitadas coa legalidade urbanística, asinado polo arquitecto municipal o 1 de xullo de 2016. As concretas actuacións a executar, segundo o informe técnico, consisten na instalación de ascensor en edificio existente, sen modificación da escaleira do inmovible. As actuacións propostas afectan a inmovible construído en solo clasificado como urbano consolidado, ao que lle resulta de aplicación a ordenanza regulada no punto 10 (edificacións existentes) do anexo do decreto 102/2006, do 22

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

de xuño, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño). O inmovible atópase dentro da área de protección da Capela de Santa Ana, elemento incluído no inventario de patrimonio cultural das NNCCSS de planeamento provinciais. O orzamento declarado (28.656,71 euros) resulta conforme, segundo o técnico municipal, sen prexuízo das posibles variacións que se poideran producir durante a execución das obras que, de ser o caso, darían lugar ás revisións correspondentes.

Visto que o 5 de maio de 2016 tivo entrada no rexistro xeral deste concello a resolución da xefa do servizo de coordinación da área cultural, ditada o 29 de abril de 2016 por delegación da directora xeral do Patrimonio Cultural, autorizando as obras que se están a informar, toda vez que o inmovible obxecto de intervención atópase no entorno de protección da Capela de Santa Ana/inventariada.

Visto que por parte do técnico xurídico de urbanismo se emitiu informe xurídico para dar cumprimento ao disposto no artigo 143.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG).

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 142.2 da LSG, en relación co artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), as actuacións proxectadas constitúen actos de edificación e uso do solo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisan de proxecto de obras de edificación, polo que están suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 143 da LSG. O expediente dispón da documentación completa, necesaria para o outorgamento da licenza e o solicitante conta coas autorizacións e/ou informes sectoriais necesarios de acordo coa lexislación aplicable, e que no presente caso afectan á protección do patrimonio.

Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgáranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño; de acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe técnico favorable do arquitecto municipal que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións das ordenanzas de solo urbano consolidado e de edificacións existentes, reguladas nos puntos 1 e 10 do anexo do Decreto 102/2006.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro .- Outorgar a D. GUMERSINDO CANOURA RODRÍGUEZ, licenza municipal para a instalación de ascensor en edificio sito na rúa Lavandeiras,

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

nº 17 en Celeiro, de referencia catastral 3575913PJ1337N, de acordo co proxecto de execución asinado pola arquitecta Susana Perez Pereiras, visado polo COAG en data 23 de decembro de 2015 co número 1508248 e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo .- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a) De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
- b) Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro .- As condicións xerais ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- 1.1 A presente licenza só facultará ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.
- 1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección do técnico que figura no expediente. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
- 1.3 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
- 1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.
- 1.5 Réxime de caducidade das licenzas:

a. O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos, desde o día seguinte ao de notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, e non poderán interroperse as obras por tempo superior a seis meses.

b. O O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

c. A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non

Concello de Viveiro

podendo iniciarse nin continuar as obras, agás traballos de seguridade e mantemento, dos que se dará conta ao Concello apra o seu control.

1.6 Nas obras de nova edificación e reestruturación xeral, o promotor deberá dispoñer dun cartel informativo visible dende o exterior, no que consten:

- a) O nome e apelidos dos seguintes técnicos: dos proxectistas, dos directores da obra e de execución da obra, do coordinador de seguridade e saúde e dos contratistas.
- b) Ordenanza que se aplica e usos aos que se vai destinar a edificación.
- c) Data de expedición da licenza e prazo de execución das obras.
- d) Número de plantas autorizadas.
- e) Número de expediente.
- f) Prazo de execución das obras.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

4.- EXPTE. 132/2016.- EXPEDIENTE DE OBRA MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS NO CONCELLO DE VIVEIRO-LUGO PARA APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA, APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, APROBACIÓN DO GASTO E APROBACIÓN DA PROPOSTA DE EMPRESAS A INVITAR.

Visto o expediente de contratación CT 2016/10, correspondente á tramitación do contrato mediante procedemento negociado sen publicidade da obra denominada “Mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias no Concello de Viveiro-Lugo”.

Visto o informe da Técnico Xurídico coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación “Mellora de camiños de titularidade municipal de acceso a explotacións agrarias no Concello de Viveiro-Lugo”, aprobando así mesmo o gasto referente a esta actuación, co seguinte orzamento e cun prazo de duración dun mes.

Orzamento base	21% IVE	Orzamento Total
----------------	---------	-----------------

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

81.704,00 €	17.157,84 €	98.861,84 €
-------------	-------------	-------------

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares polo sistema de procedemento negociado sen publicidade e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- Acordar solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de cinco días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula décimo sexta do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

- CALFERLO, S.L. Pol. Ind. de Camba, parcela 56-57, 27850-Xove (Lugo).
- DESMACO. S.L. Parque empresarial. Pereiro de Aguiar, Parcela 14 B. 32792 - Ourense.
- ISIDRO OTERO. Valiñadaras, 8. 27748 - Mondoñedo. (Lugo).
- VILLASUSO ORTEGAL, S.L. Lg. Lagar, s/n - Cuiña. 15330 - Ortigueira (A Coruña).

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e a notificación do presente acordo ó Departamento de Intervención.

5.- EXPTE. 100/2016.- PROPOSTA REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA "MELLORA E REPOSICIÓN DE SANEAMENTO, REDES DE SUMIDOIROS E ABASTECIMENTO DE AUGA NA RÚA DE REGO DAS FRORES".

Vistos todos os antecedentes do expediente para a contratación denominada "*Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga na rúa de Rego das Frores*" (Expte. CT 2016/3).

Vistas as actas da Mesa de Contratación municipal correspondentes ás sesións levadas a cabo os días 4 e 15 de xullo de 2016, nas que reflicten, entre outros extremos, as empresas invitadas, as presentadas, as excluídas e a admitida ao procedemento,

Vista a proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación en sesión de 15 de xullo de 2016, a favor da empresa "*CARFERLO, S.L.*", coa seguinte oferta:

Oferta económica	Importe total	94.734,26 €
Prazo de entrega días		14

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Requirir á empresa “Carferlo, S.L.” con CIF núm. B-27.227.388, para a presentación dos documentos previos á adxudicación do contrato denominado “*Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga na rúa de Rego das Frores*”, consonte ao establecido na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

6.- EXPTE. 1339/2016.- ANTICIPO SUBVENCIÓN BÁGOAS DA TERRA 2016

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, na que se indica:

- Que na sesión extraordinaria, da Xunta de Goberno Local, do 30 de marzo de 2016, se aprobou un Convenio de colaboración coa Asociación Bagoas da Terra, cunha vixencia durante o ano 2016. Na cláusula primeira dese convenio se indica “O Concello de Viveiro aportará á entidade cultural “Bagoas da Terra de Viveiro” a cantidade de 12.000,00 € en concepto de subvención municipal ó desenvolvemento da súa actividade para o exercicio 2016. Non obstante poderase anticipar ata un 90 % (10.800 €). Isto é así, pola necesidade de afrontar gastos diversos da “XXXVIII MOSTRA FOLKLÓRICA INTERNACIONAL DE VIVEIRO” previos á celebración do evento.
- Que o Concello de Viveiro para darlle continuidade á liña de colaboración que vimos mantendo, ten consignación no orzamento do 2016, unha subvención nominativa con cargo á partida presupostaria 3380-48906 para apoiar, mediante convenio, á BAGOÁS DA TERRA durante o ano 2016, por un importe de 12.000 €.
- Que en data 8 de xullo de 2016 se recibe solicitude, no Rexistro Xeral co nº 2016-RC-5044, de abono de anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a Asociación.

Visto que consta informe favorable de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar el anticipo del 90% da subvención por importe de 10.800,00 euros, con dispensa de garantía, con cargo á aplicación 3380-48906 (Subvención Bagoas da Terra).

Segundo.- Notificar o presente acordo á referida asociación, indicándolle que antes do pago deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Xestión Tributaria para a súa

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

notificación ós Departamentos de Intervención e Tesourería para a seu coñecemento e efectos.

7.- EXPTE. 3/2016.- INFORME-PROPOSTA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DENOMINADO “SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA NO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES”.

Visto o expediente de contratación denominado “*Servizo de atención psicolóxica no Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello de Viveiro*” (Expte CT 2015/16), que, entre outra, contén documentalmente a seguinte información:

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2015, previos os antecedentes e informes correspondentes, aprobou o expediente de contratación de referencia, coas seguintes características básicas que constan no prego de cláusulas administrativas particulares:

1	Obxecto do contrato	Servizo de atención psicolóxica no centro de información ás mulleres (CIM) do Concello de Viveiro
2	Tipo de contrato	Contrato de servizos
3	Prazo	2 anos, con posibilidade de dúas prórrogas dun ano (1) cada unha (máximo 4 anos)
4	Prezo de licitación	11.000 € (importe referido aos dous anos de duración do contrato, a razón de 5.500 € por anualidade).
5	Sistema administrativo de tramitación	Procedemento aberto
6	Clase de tramitación	Urxente
7	Presentación de proposicións	8 días naturais, contados a partir do seguinte ao da inserción do anuncio no BOP.

2. Publicación de anuncio para a convocatoria pública do procedemento no Boletín Oficial da provincia de Lugo de 22 de xaneiro de 2016.
3. Durante o prazo de convocatoria pública presentáronse dúas proposicións, presentando igualmente, unha das licitadoras, reclamación ao prego de cláusulas, segundo queda acreditado no expediente.
4. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 11 de febreiro de 2016, con base na reclamación presentada e nos informes técnicos que constan no expediente, aprobou a modificación do prego de cláusulas administrativas particulares, acordando a retroacción do procedemento ao momento da súa aprobación inicial e a publicación de novo anuncio de licitación.
5. Publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de 26 de febreiro de 2016 para unha nova convocatoria pública, presentándose durante o referido prazo dúas proposicións, que coincidiron coas presentadas na primeira convocatoria.
6. En sesións de 14 de marzo, 8 de abril e 6 de maio, levaronse a cabo pola Mesa de Contratación municipal os distintos actos para o desenvolvemento do expediente de contratación de referencia.

Concello de Viveiro

7. Na sesión da Mesa de Contratación de 6 de maio de 2016 procedeuse á valoración das ofertas presentadas polas dúas licitadoras, consonte a regulación establecida na cláusula décimo sexta do prego de cláusulas regulador do expediente, segundo consta de forma detallada na Acta da devandita sesión, constando así mesmo, de forma conclusiva, a valoración global das documentación técnica das dúas licitadoras, que foi a seguinte:

			Blanca Veiga García	Ana M ^a Abad López
Valoración criterios subxetivos segundo informe técnico			8	8
Valoración criterios obxectivos	Criterio 1	Formación en temas de muller e igualdade	3	10
	Criterio 2	Formación en violencia de xénero e familiar	10	10
	Criterio 3	Experiencia profesional acreditada	2,2	26,9
	Criterio 4	Oferta económica	40	25,60
PUNTUACIÓN TOTAL			63,20	80,50

8. A Mesa de Contratación, en sesión de 6 de maio de 2016, vista a valoración global das dúas licitadoras presentadas ao procedemento de contratación, propuxo como adxudicataria do contrato a D^a. Ana María Abad López, con DNI 33.992.521-Q, por un prazo de dous anos e por un importe total de “dez mil euros” (10.000 €), a razón de 5.000 € por anualidade, e decidiu requirila para a presentación dos documentos previos á adxudicación.

Resultando que a Xunta de Goberno Local en sesión de 6 de xullo de 2016, vista a proposta de adxudicación dada pola Mesa de Contratación en sesión de 6 de maio de 2016, acordou requirir á licitadora proposta para a adxudicación do contrato para a presentación dos documentos previos á adxudicación, aos que fai referencia a cláusula 18 do prego de cláusulas regulador do expediente,

Resultando que a licitadora proposta para a adxudicación do contrato presentou ante o Concello os documentos requiridos o día 18 de xullo de 2016, segundo queda acreditado no expediente,

Vista a acta da Mesa de Contratación en sesión levada a cabo o día 6 de maio de 2016, así como o informe da Técnico Xurídico municipal, de 22 de xullo de 2016, coa conformidade de Intervención,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado “*Servizo de atención psicolóxica no Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello de Viveiro*” a D^a. Ana María Abad López, con DNI núm. 33.992.521-Q, por un prazo de “*dous anos*” (2) e por un prezo de “*dez mil euros*” (10.000,00 euros), a razón de “*cinco mil euros*” (5.000,00 euros) por anualidade.



Concello de Viveiro

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao Servizo de Contratación para a súa notificación ás dúas licitadoras presentadas ao procedemento e para o posterior asinado do contrato coa adxudicataria, dando continuidade do expediente ata a súa conclusión.

8.- EXPTE. 1056/2016 .- LICENCIA URBANÍSTICA OBRA AVDA. LOURDES 2-4-6 .- PEINO PENA MARIA OLIVA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. María Oliva Peino Pena, con DNI 32.651.084-P, en representación da Comunidade de Propietarios Avenida Lourdes 2-4-6, en Viveiro, para pintado exterior de fachadas, patios de luces e catro terrazas do inmovible sito na Avda. de Lourdes, números 2-4-6, en Viveiro, de referencia catastral 3454803PJ1335S.

Visto que obra no expediente o preceptivo informe técnico de conformidade das actuacións solicitadas coa legalidade urbanística, asinado pola aparelladora da oficina municipal do casco antigo de Viveiro o 6 de xullo actual e conformado polo arquitecto municipal, sendo o orzamento declarado (12,927,00 euros) verificado de conformidade, sen prexuízo das posibles variacións que se poideran producir durante a execución das obras que, de ser o caso, darían lugar ás revisións correspondentes.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico para dar cumprimento ao disposto no artigo 143.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG).

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da LSG, as intervencións en inmoables declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza. Segundo se deduce do informe técnico obrante no expediente, non resulta preciso informe previo do órgano competente en materia de protección do patrimonio

Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar á Comunidade de Propietarios Avenida Lourdes 2-4-6, licenza municipal para pintado exterior de fachadas, patios de luces e catro terrazas do inmovible sito na avda de Lourdes, numeros 2-4-6 en Viveiro, de referencia catastral 3454803PJ1335S.

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a) A cor de pintura para a edificación será branco.
- b) De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
- c) Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

9.- EXPTE. 743/2016 .- LICENCIA URBANÍSTICA .- MORENO CAZON FRANCISCA.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. Francisca Moreno Cazón, con DNI 33.854.447-B, e domicilio a efectos de notificación en Rúa Pastor Díaz, 60, en Viveiro, para pechado de terraza con carpintería de aluminio branco, con apertura de corredeira e vidro simple na vivenda sita na rúa Pastor Díaz, n. 60-3^o, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353707PJ1335S0043TH.

Visto que obra no expediente o preceptivo informe técnico de conformidade das actuacións solicitadas coa legalidade urbanística, asinado pola aparelladora da oficina municipal do casco antigo de Viveiro o 7 de xullo actual, conformado polo arquitecto municipal, sendo o orzamento declarado (500,00 euros) verificado de conformidade, sen prexuízo das posibles variacións que se poideran producir durante a execución das obras que, de ser o caso, darían lugar ás revisións correspondentes.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico para dar cumprimento ao disposto no artigo 143.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG).

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da LSG, as intervencións en inmobles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza. Segundo se deduce do informe técnico obrante no expediente, non resulta preciso informe previo do órgano competente en materia de protección do patrimonio.

Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D^a. Francisca Moreno Cazón, licenza municipal para pechado de terraza con carpintería de aluminio branco, con apertura de corredeira e vidro simple na vivenda sita na rúa Pastor Diaz, n.º 60-3º, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353707PJ1335S0043TH.

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a) De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
- b) Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

10.- EXPTE. 813/2016 .- LICENCIA URBANÍSTICA OBRAS EN PASTOR DIAZ 58.- COMUNIDAD PROP. EDIFI. PASTOR DIAZ, 58.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. María del Carmen Novoa Iglesias, en representación da Comunidade de Propietarios Pastor Díaz, 58, en Viveiro, para pintado de patio interior da edificación sita na rúa Pastor Diaz, n.º 58, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353706PJ1335S.

Visto que obra no expediente o preceptivo informe técnico de conformidade das actuacións solicitadas coa legalidade urbanística, asinado pola apareladora da oficial municipal do casco antigo de Viveiro e a conformidade do arquitecto municipal, sendo o orzamento declarado (2.140,49 euros) verificado de conformidade, sen prexuízo das posibles

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

variacións que se poideran producir durante a execución das obras que, de ser o caso, darían lugar ás revisións correspondentes.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico para dar cumprimento ao disposto no artigo 143.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG).

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da LSG, as intervencións en inmobles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza. Segundo se deduce do informe técnico obrante no expediente, non resulta preciso informe previo do órgano competente en materia de protección do patrimonio

Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar á C.P. Pastor Díaz, 58, licenza municipal para pintado de patio interior da edificación sita na rúa Pastor Díaz, n.º 58, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353706PJ1335S.

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a) De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres,

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.

- b) Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

11.- EXPTE. 1355/2016.- RELACION DE OBRIGAS PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 22-XULLO-2016.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, que recolle facturas e obrigas, que figuran no ANEXO I da presente Acta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas que se relacionan no ANEXO I desta Acta.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

12.- PROPOSTAS DE GASTOS.

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes EXPTE. 1218/2016, EXPTE. 1216/2016, EXPTE. 1215/2016, EXPTE. 1213/2016, EXPTE. 1084/2016, que se relacionan no ANEXO II da presente Acta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Primeiro.- Aprobar a autorización dos gastos referidos no Anexo II.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros propoñentes das propostas de gasto aprobadas.

13.- EXPTE. 1365/2016.- ADHESION CONVENIO TIC DIPUTACIÓN.- ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE ADHESIO CONVENIO TIC DIPUTACIÓN.

Visto o escrito do presidente da Excma. Deputación Provincial, no que comunica entre outros, que ao Concello de Viveiro asígnase unha cantidade de 6.305,97 euros, do vixente orzamento da Deputación, para o financiamento da adecuación dos sistemas de información aos requirimentos da lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, das Administracións Públicas da lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector Público. Co gallo de articular esta colaboración aprobase un convenio de colaboración e un modelo de adhesión tipo coa documentación establecida no mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primerio.- Adherirse ao convenio de colaboración da Deputación Provincial en materia de innovacións e TIC's, por importe de 6.305,97 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo o Departamento de Servizos Socias para tramitar o expediente, dentro do prazo establecido, que da dereito á adhesión.

14.- EXPTE. 1366/2016.- ADHESION CONVENIO SAD DEPUTACION.-SOLICITUDE DE ACORDO DE ADHESIÓN CONVENIO AXUDA NO FOGAR DEPUTACIÓN DE LUGO.

Visto o escrito do presidente da Excma. Deputación Provincial, no que comunica entre outros, que ao Concello de Viveiro asígnase unha cantidade de 22.722,10 euros, do vixente orzamento da Deputación, para o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar para as persoas que non teñan recoñecida a súa situación de dependencia no marco da lei 39/2016, de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Co gallo de articular esta colaboración aprobase un convenio de colaboración e un modelo de adhesión tipo coa documentación establecida no mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primerio.- Adherirse ao convenio de colaboración da Deputación Provincial en materia Benestar Social, por importe de 22.722,10 euros, para financiamento do Servizo de Axuda no Fogar.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Segundo.- Dar traslado do presente acordo o Departamento de Servizos Socias para tramitar o expediente, dentro do prazo establecido, que da dereito á adhesión.

15.- EXPTE. 1383/2016.- ANTICIPO DE SUBVENCIÓN AD PRAIA DE COVAS.

Vista a proposta do Concelleiro de Deportes, na que se indica:

- Que na sesión extraordinaria, da Xunta de Goberno Local, do 5 de abril de 2016, se aprobo un Convenio de colaboración coa A.D. Praia de Covas, cuia validez se estende desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016.

Nos antecedentes e na súa cláusula primeira dese convenio se indica "O Concello de Viveiro para darlle continuidade a liña de colaboración que vimos mantendo, concederá unha subvención con cargo á aplicación orzamentaria 3400.48910.....

.....

O Concello de Viveiro aportará á asociación deportiva "Praia de Covas" a cantidade de 5.000 euros en concepto de subvención municipal ó desenvolvemento da súa actividade durante o ano 2016. Da citada cantidade aprobada poderá ser adiantada mediante anticipo, o 80 %. Isto é así, pola necesidade de afrontar gastos dende o principio da tempada"

- Que en data 13 de maio de 2016 se recibe solicitude, no Rexistro Xeral co nº 2016-RC-3457, de abono de anticipo do 50 % (2.500,00 euros) correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a asociación.

Visto que consta informe favorable de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar el anticipo del 50% da subvención á A.D. Praia de Covas, por importe de 2.500,00 euros, con dispensa de garantía, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións Deportes Nominativas).

Segundo.- Notificar o presente acordo á referida asociación, indicándolle que antes do pago deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Xestión Tributaria para a súa notificación ós Departamentos de Intervención e Tesourería para a seu coñecemento e efectos.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 15:00 horas do día 22 de xullo de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147